

A produción en lingua galega no ámbito cultural

DOI: 10.17075/plgac.2024

Este informe é unha análise específica dos datos provenientes do *Barómetro da cultura galega*¹ que se refiren á produción en galego dos bens e servizos ofrecidos polas entidades da cultura en Galicia. O antecedente deste informe é o denominado *O valor económico do galego*², no que se delimitaron e cuantificaron, en termos de valor económico e emprego, as actividades asociadas á lingua galega. Para estimar o valor económico da lingua

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG

¹ https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2024_Barometro-da-cultura-galega-2024.pdf

² https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_O-valor-economico-do-galego-dt.pdf



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

.....

determináronse os bens e servizos directamente relacionados coa lingua como elemento diferencial no seu proceso produtivo e, con posterioridade, as actividades que os producen.

Identificáronse catro sectores principais. O primeiro sector, *industrias da cultura e dos medios de comunicación*, inclúe actividades como as artes gráficas, o libro e a edición, o comercio de produtos culturais, o sector audiovisual, as artes escénicas e musicais, as actividades creativas e artísticas, as axencias de noticias e publicidade, e as bibliotecas, arquivos e museos. O segundo, *actividades relacionadas coa industria da lingua*, abarca o ensino da lingua, a normativa da lingua, a tradución e interpretación e as tecnoloxías da linguaxe. O terceiro sector, *actividades relacionadas co ámbito educativo*, considera o idioma como elemento clave no desenvolvemento das actividades e ten como obxectivo promover o uso e o coñecemento das linguas nun contexto de aprendizaxe plurilingüe, incluído o ensino regrado dende a educación infantil ata o ensino universitario. O cuarto sector, *servizos para a difusión e coñecemento das linguas prestados polas administracións públicas*, engloba actividades que emanan directamente do sector público e están ligadas á promoción lingüística, de maneira tanto directa, a través das actividades de promoción da lingua, como indirecta, por medio da promoción da cultura.

A conclusión principal que se acadou nese informe foi que o impacto total das actividades vinculadas á lingua galega sobre a economía galega representa un 3,4% da produción da economía e un 4,8% do emprego. Unha gran cantidade das actividades da lingua son de tipo cultural, por iso resulta interesante coñecer cal é o uso da lingua na cultura.

Tal e como se mencionou, este documento de traballo é unha explotación do *Barómetro da cultura galega*, que é unha ferramenta de análise e seguimento que mide o estado e a evolución do sector cultural en Galicia. Recolle datos e opinións relacionados coa cultura, proporciona unha visión detallada do impacto económico, social e tecnolóxico no ámbito cultural e permite identificar fortalezas, debilidades e oportunidades de desenvolvemento dentro do sector. O universo de estudo do *Barómetro* está constituído por entidades empresariais, profesionais autónomos, administracións públicas e tecido asociativo do sector cultural galego. A recollida de datos para a edición do *Barómetro* de 2024 levouse a cabo entre o 10 de xaneiro e

o 24 de febreiro e proporcionou unha matriz de 1.018 entidades entrevistadas, sobre un deseño inicial de 1.000.

Existen unha serie de variables que se usan para caracterizar a mostra e que serven para facer cruzamentos. A primeira é a actividade específica. Un 31,4% das entidades dedícase ás artes visuais, que inclúen deseño, fotografía, creación artística, fabricación e comercio de produtos relacionados, así como arquitectura e publicidade. Séguelle o sector audiovisual e actividades relacionadas, como radio, televisión, cine, vídeo e música gravada, que representa un 15,1% das entidades. A edición de libros e publicacións periódicas, xunto con actividades conexas, abrangue un 10,7%, mentres que a educación cultural, que inclúe academias e escolas de música, artes visuais, baile e teatro, comprende un 10,4%. Tamén destacan o comercio de libros e publicacións periódicas, cun 8,3%; as artes gráficas, cun 5%, e os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, cun 4,9%. As denominadas actividades das administracións públicas, que en realidade son os diferentes departamentos de cultura da Administración autonómica, dos concellos e das deputacións, constitúen un 3,8% da mostra, seguidas pola música, cun 3,7%; bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas, cun 3,4%, e teatro, danza e espectáculos xunto con actividades auxiliares das artes escénicas, cun 3,3%.

A distribución segundo o tipo de organización revela que un 72,1% das entidades enquisadas pertence ao ámbito empresarial, no que se inclúen empresas (55,7%) e profesionais autónomos (16,4%). A Administración pública constitúe un 16,8% do total³, mentres que as entidades sen ánimo de lucro, como asociacións e fundacións, representan un 11,1% da mostra. O resto de variables utilizadas para explicar os resultados son os ingresos, o volume de persoal, o hábitat e a provincia.

O presente informe centra os seus esforzos nos resultados extraídos da análise de dous contidos específicos do cuestionario do *Barómetro*. O primeiro analiza a porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego. O segundo explora as percepcións sobre que acontecementos ou me-

³ Aquí faise referencia a todas as entidades que dependen directamente do sector público, independentemente da actividade desenvolta.


didias serían necesarios, segundo a opinión dos responsables das entidades culturais, para incrementar a demanda deses bens ou servizos culturais en galego.

Para o primeiro contido, solicítaselles ás persoas entrevistadas que proporcionen unha estimación en forma de porcentaxe que reflicta o volume de negocio da súa entidade xerado pola produción en galego. En canto ao segundo contido, ofrécaselles que propoñan medidas que consideren necesarias para incrementar a demanda da súa produción en galego⁴. A continuación descríbense os resultados obtidos.

1. Porcentaxe de produción de bens e servizos en galego

Un 17,8% das entidades da cultura galega entrevistadas realiza a totalidade das súas actividades ou a produción de bens e servizos unicamente en lingua galega. Algo máis dun 19% utiliza o galego en máis dun 75% dos seus produtos ou servizos (entre un 75% e un 99%), mentres que case un 16% elabora entre a metade e as tres cuartas partes dos seus produtos nesta lingua. Só un 7% non utiliza nunca a lingua galega na súa actividade, tal como se mostra na seguinte gráfica.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, por treitos



Fonte: Elaboración propia

⁴ O primeiro ano que se realizou a pregunta (en 2023, referente ao exercicio 2022) codificáronse as respostas que tendían a repetirse formando as categorías que se recollen neste traballo. A posibilidade de engadir novas respostas mantense a través dunha categoría aberta denominada «outras».

En conxunto, cabe sinalar que un 52,9% das entidades enquisadas realiza cando menos a metade da súa produción en galego.

Na análise de evolución obsérvase que entre 2021 e 2023 as entidades que usan o galego en todos os seus produtos ou actividades descendeu 1,6 puntos porcentuais: dun 19,4% en 2021 a un 17,8% en 2023. No extremo contrario, cómpre salientar que tamén descendeu 3,3 puntos porcentuais nestes tres anos aquelas entidades que non teñen ningunha produción en lingua galega (dun 10,3% a un 7%).


Evolución da porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, por treitos

	2021	2022	2023
0%	10,3	6,5	7,0
1% - 24%	15,7	21,0	22,2
25% - 49%	12,9	13,7	13,4
50% - 74%	16,3	19,9	15,9
75% - 99%	16,1	16,9	19,2
100%	19,4	18,2	17,8
Ns/Nc	9,2	3,8	4,5

Fonte: Elaboración propia

Se en lugar de analizar a porcentaxe de produción en galego por treitos se fai como media porcentual, obtense como resultado que o conxunto das entidades entrevistadas realizan en galego un 52,7% da súa produción, valor que apenas se reduciu en pouco máis dun punto con respecto a 2021.

Evolución da porcentaxe media aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego



Fonte: Elaboración propia

Se para a análise segmentada se atende á media estatística da porcentaxe de produción en galego, pode comprobarse que a maior porcentaxe media por actividade específica da entidade é a dos distintos departamentos de cultura (actividades das administracións públicas), co 87,4%, único segmento cuxa produción en galego supera o 80%. Outros sectores destacados son o dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (77,2%) e o da música (71%). As menores porcentaxes de produción en galego correspóndenlles ás entidades dedicadas ás artes gráficas (27,5%) e ao comercio de libros e publicacións periódicas (25,2%). Outro segmento cunha produción en galego por debaixo do 50% é o das artes visuais (43,1%).

Porcentaxe media aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo a actividade específica

Actividade específica	%
Artes gráficas e actividades relacionadas	27,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	25,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	54,4
Audiovisual e actividades relacionadas	59,5
Artes visuais	43,1
Música	71,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	64,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	77,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	64,9
Educación cultural	66,4
Actividades das administracións públicas	87,4
Total	52,7

Fonte: Elaboración propia

A análise segundo a distribución porcentual por treitos pon de manifesto que os museos e as actividades relacionadas co patrimonio cultural son os que teñen a maior porcentaxe de produción total en lingua galega, cun 43,2%, seguidos do sector da música (37%), as actividades das administracións públicas (34,4%) e o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (31%). No lado contrario atópanse as artes gráficas, xa que ningunha entidade que realiza este tipo de actividade o fai exclusivamente en galego. De feito, un 9,1% nunca produce en galego e case un 42% usa a lingua nos seus produtos nunha porcentaxe entre un 1% e un 24%. Máis da metade das entidades que se dedican ao comercio de libros e publicacións periódicas (52,7%) usan o galego entre un 1% e un 24% do seu

volumen de negocio, e un 13,8% das entidades das artes visuais nunca traballa en galego, como se pode observar na seguinte táboa.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo a actividade específica, por treitos

	0%	1% - 24%	25% - 49%	50% - 74%	75% - 99%	100%	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	9,1	41,8	27,3	18,2	3,6	0,0	0,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,3	52,7	24,2	13,2	1,1	2,2	3,3
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	5,1	24,6	15,3	15,3	16,9	22,0	0,8
Audiovisual e actividades relacionadas	6,2	19,6	9,3	15,5	16,5	27,8	5,2
Artes visuais	13,8	24,4	13,0	14,6	19,5	8,9	5,7
Música	5,4	10,9	5,4	14,1	22,8	37,0	4,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,6	16,7	10,7	13,1	20,2	31,0	4,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	0,8	4,5	8,3	21,2	18,9	43,2	3,0
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,3	8,8	14,3	20,9	23,1	19,8	9,9
Educación cultural	0,0	8,5	14,1	22,5	31,0	16,9	7,0
Actividades das administracións públicas	0,0	3,1	0,0	6,3	54,7	34,4	1,6

Fonte: Elaboración propia

Esa maior presenza do galego na produción das entidades pertencentes ás administracións públicas ou dependentes delas vólvese observar no cruzamento por tipo de entidade, pois as medias porcentuais máis altas correspondenlles ás citadas administracións (73,6%) e, aínda máis, ás entidades sen ánimo de lucro (80,1%), en clara contraposición cos segmentos das empresas (43%) e os profesionais autónomos (46,8%).

Porcentaxe media aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo o tipo de entidade

Tipo de entidade	%
Empresa	43,0
Profesional autónomo/a	46,8
Administración pública	73,6
Entidade sen ánimo de lucro	80,1
Total	52,7

Fonte: Elaboración propia

Un 47,3% das entidades sen ánimo de lucro utiliza unicamente o idioma galego na súa actividade e case un 33% o fai entre un 50% e un 99%. En importancia de uso da lingua séguenlle as administracións públicas, pois un 23,5% fai un uso exclusivo do galego nas súas actividades e un 54,5% utiliza entre un 50% e un 99%. As empresas son as que menos vinculan o seu volume de negocio á lingua, xa que case un 54% non chega a realizar nin a metade dos seus produtos ou actividades en galego, seguidas dos profesionais autónomos, cun 51,2%.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo o tipo de entidade, por treitos

	Empresa	Profesional autónomo	Administración pública	Entidade sen ánimo de lucro
0%	9,0	8,9	0,7	3,7
1% - 24%	29,3	27,1	4,9	5,5
25% - 49%	15,6	15,2	10,5	3,9
50% - 74%	16,2	13,3	19,8	11,9
75% - 99%	13,5	21,7	34,7	21,1
100%	11,7	12,8	23,5	47,3
Ns/Nc	4,7	1,0	5,8	6,6

Fonte: Elaboración propia

Por nivel de facturación ou orzamento, as maiores porcentaxes de produción en galego teñen lugar nos dous treitos máis baixos, é dicir, no de menos de 50.000 € (59,9%) e no de 50.000 € a 149.999 € (54,2%), mentres que as menores porcentaxes se dan nos dous máis altos: de 150.000 € a 499.999 € (42,9%) e de 500.000 € ou máis (46,92%).

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo a facturación (media)

Facturación	%
Menos de 50.000 €	59,9
De 50.000 € a 149.999 €	54,2
De 150.000 € a 499.999 €	42,9
500.000 € ou máis	46,9
Ns/Nc	56,0
Total	52,7

Fonte: Elaboración propia

A análise por treitos revela que aquelas entidades con menor facturación (menos de 50.000 €) son as que rexistran unha maior porcentaxe de volume

de negocio ou actividade totalmente en galego: un 26,1% das entidades. Porén, ao mesmo tempo, son tamén estas entidades as que en maior medida declaran que non fan ningunha actividade ou non producen bens e servizos en galego (10%). Máis da cuarta parte das entidades co volume de negocio máis alto (500.000 € ou máis) realizan entre un 1% e un 24% das súas actividades en galego.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo a facturación en 2023, por treitos

	0%	1% - 24%	25% - 49%	50% - 74%	75% - 99%	100%	Ns/Nc
Menos de 50.000 €	10,0	15,7	6,3	16,5	21,2	26,1	4,1
De 50.000 € a 149.999 €	5,2	22,6	13,3	16,7	21,0	17,6	3,5
De 150.000 € a 499.999 €	6,4	31,2	19,6	12,8	17,2	8,6	4,1
500.000 € ou máis	4,9	26,0	19,4	18,8	13,0	13,7	4,3
Ns/Nc	3,9	3,9	25,2	7,8	22,8	8,4	28,1

Fonte: Elaboración propia

No que atinxe ao cruzamento por tamaño do cadro de persoal, a porcentaxe de produción en lingua galega é maior canto maior é o volume de persoal da entidade: dun 47,7% das que só teñen 1 ou 2 empregadas/os a un 59,3% das que teñen máis de 10⁵. En todo caso, a porcentaxe máis alta é a que se observa nas entidades que só contan con persoal voluntario (85,6%).

Porcentaxe media aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo o número total de traballadores/as (incluída a dirección)

Nº total de traballadores/as (incluída a dirección)	%
Ningún, só voluntariado	85,6
1 ou 2 empregados/as	47,7
De 3 a 5 empregados/as	52,3
De 6 a 10 empregados/as	56,0
Máis de 10 empregados/as	59,3
Ns/Nc	89,3
Total	52,7

Fonte: Elaboración propia

⁵ Malia que, como resultaría esperable, na mostra existe unha correlación entre ingresos e número de empregados/as, o fenómeno de que se incrementa lixeiramente a produción en galego co número de traballadores/as á vez que descende co volume de ingresos está relacionado co feito de que hai unha incidencia relativamente elevada de entidades situadas nos tramos de orzamento baixos con cadros de persoal considerables (principalmente entidades sen ánimo de lucro e entes públicos) e que teñen unha produción elevada en lingua galega.

Se se observan os mesmos datos organizados en intervalos, chama a atención que son aquelas que só dispoñen de voluntariado no seu cadro de persoal as que en maior medida realizan actividades só en galego (55,2%). Ademais, as empresas máis pequenas en termos de cifra de traballadores/as (1 ou 2 persoas) son as que rexistran a porcentaxe máis elevada entre aquelas que non realizan ningunha actividade ou fan algún produto en galego (11,3%).

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023

	Só voluntariado	1 ou 2	De 3 a 5	De 6 a 10	Máis de 10	Ns/Nc
0%	7,2	11,3	6,3	3,7	1,1	0,0
1% - 24%	0,0	23,2	25,9	25,7	14,6	0,0
25% - 49%	0,0	15,2	10,9	9,8	16,6	0,0
50% - 74%	12,2	14,4	13,2	18,2	21,3	10,0
75% - 99%	7,2	19,5	16,9	18,0	22,1	46,9
100%	55,2	14,0	20,2	21,5	17,1	38,2
Ns/Nc	18,2	2,2	6,7	2,9	7,2	4,9

Fonte: Elaboración propia

O tamaño do hábitat en que está localizada a entidade tamén inflúe na produción en lingua galega. De feito, as localidades de menos de 10.000 habitantes son aquelas en que se produce maior volume de negocio en galego (63%), mentres que este descende canto maior é o núcleo de poboación: un 58,6% nas vilas de entre 10.001 e 19.999 habitantes, case 7 puntos porcentuais máis que nas de entre 20.000 e 49.999 habitantes (52%), e a menor porcentaxe é para as cidades de 50.000 habitantes ou máis (49,1%).

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo o tamaño do hábitat

Tamaño do hábitat	%
Menos de 10.000 habitantes	63,0
De 10.001 a 19.999 habitantes	58,6
De 20.000 a 49.999 habitantes	52,0
50.000 habitantes ou máis	49,1

Fonte: Elaboración propia

Na mesma análise por intervalos de uso, nas poboacións de menos de 10.000 habitantes atópase a maior porcentaxe de entidades en que a tota-

lidade da produción ou actividade se realiza exclusivamente en lingua galega, mentres que as poboacións urbanas de máis de 50.000 habitantes son as que rexistran a porcentaxe máis elevada de organizacións que non fan actividade en galego.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, segundo o tamaño do hábitat, por treitos

	Menos de 10.000 hab.	10.001 - 19.999 hab.	20.000 - 49.999 hab.	50.000 hab. ou máis
0%	4,9	4,8	7,6	7,9
1% - 24%	17,1	15,1	23,0	24,6
25% - 49%	8,5	12,2	16,2	14,4
50% - 74%	16,8	20,8	15,2	14,9
75% - 99%	21,8	23,4	18,9	17,8
100%	26,5	16,6	18,3	15,5
Ns/Nc	4,3	7,0	0,7	4,9

Fonte: Elaboración propia

A análise por provincias indica que en Ourense a produción en idioma galego é maior (63,1%), seguida de Lugo (56,6%) e A Coruña (54,8%). Pontevedra é a provincia en que menos bens e servizos se ofrecen en lingua galega (45,0%).

Porcentaxe media aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, por provincias

A Coruña	54,8
Lugo	56,6
Ourense	63,1
Pontevedra	45,0
Total	52,7

Fonte: Elaboración propia

Ao analizar por intervalos, a provincia de Pontevedra é a que rexistra a maior porcentaxe de entidades que non fan ningunha actividade ou produto en galego (9,5%), fronte á de Ourense, co 3,5%. No lado contrario, en Ourense máis dun cuarto das entidades enquisadas (25,4%) declaran que toda a súa actividade ou produtos se desenvolven en lingua galega, fronte ao 13,7% das de Pontevedra. A provincia de Lugo é a que rexistra a porcentaxe máis alta de entidades (26%) cuxa produción en galego supera o 75%.

Porcentaxe aproximada da actividade ou do volume de negocio da entidade que se debe á produción de bens ou servizos en galego, por treitos, segundo a provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
0%	6,2	6,6	3,5	9,5	7,0
1% - 24%	20,7	19,8	15,5	27,4	22,2
25% - 49%	14,4	11,7	9,4	13,3	13,4
50% - 74%	15,3	15,1	17,1	16,8	15,9
75% - 99%	20,6	26,0	17,5	15,1	19,2
100%	18,7	18,8	25,4	13,7	17,8
Ns/Nc	4,0	2,0	11,7	4,3	4,5

Fonte: Elaboración propia

2. Condicións para un incremento da demanda de bens e servizos en galego

A segunda pregunta da enquisa do *Barómetro* sobre o uso do galego nas entidades culturais referíase ás medidas que se deberían implantar para que haxa unha maior demanda de bens e servizos en galego. As persoas enquisadas podían propoñer as iniciativas que considerasen máis beneficiosas para conseguir este obxectivo.

A medida máis mencionada por parte das entidades culturais que conforman a mostra da enquisa é a de fomentar o consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola, que propoñen máis da metade das persoas enquisadas (51,6%). A segunda acción que máis recomendan é a de incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais, manifestada por un 42,2% da mostra. En terceiro lugar, pero xa cun índice de manifestación notablemente inferior ao das propostas anteriores, sinalan a realización de máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para poñer en valor o galego e o incremento do apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector, ambas as dúas cunha porcentaxe de mención dun 27,1%. A opción menos suxerida polas persoas responsables das entidades culturais é a de implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego, cunha porcentaxe dun 15,8%.



Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego

	%
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	51,6
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	42,2
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	27,1
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	27,1
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	24,3
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	24,2
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	21,8
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	15,8
Outras respostas	3,8
Ns/Nc	2,4

Fonte: Elaboración propia

Se se comparan estes datos cos de 2022, pódese salientar que en todas as respostas se observa unha redución da porcentaxe de persoas que propoñen esas medidas, agás no caso da suxestión de impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...), que incrementa a súa mención en 2,1 puntos porcentuais con respecto a 2022, e a de fomentar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego, cun aumento de 1,3 puntos. A alusión á implantación dun bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego⁶, redúcese en 3,2 puntos con respecto ao ano anterior (15,8%).

⁶ O Bono Cultura da Xunta de Galicia implantouse no ano 2021 e mantívose en 2022, e, segundo as ordes que establecían as bases reguladoras, o seu obxectivo principal era, nas dúas convocatorias, incentivar a demanda cultural axudando economicamente as persoas consumidoras e fomentar o consumo nos establecementos culturais adheridos á campaña. Ademais, tiñan tamén como finalidade propiciar o fortalecemento do sector cultural, dinamizar a actividade dos establecementos culturais e reducir o impacto económico derivado da pandemia en 2021 e do contexto económico de suba de prezos en 2022.

Comparativa das medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego (resposta múltiple)

	2022	2023
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	52,9	51,6
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	45,7	42,2
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	29,2	27,1
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	28,6	27,0
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	26,3	24,3
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	22,1	24,2
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	20,5	21,8
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	19,0	15,8
Outras respostas	2,5	3,8
Ns/Nc	2,1	2,4

Fonte: Elaboración propia

O cruzamento por actividade específica evidencia que a medida con máis alusións por parte de todos os sectores é a de fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola, con porcentaxes de mención superiores ao 50% nos ámbitos do teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (61,9%), das artes visuais (55,3%), dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (53,8%) e do comercio de libros e publicacións periódicas (52,7%).

Na segunda medida máis proposta, a de incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais, non existen diferenzas importantes entre os sectores culturais en canto ao seu apoio a esta medida, que rolda o 40%, agás no caso dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, cuxa porcentaxe é do 34,1%, e sobre todo no caso do comercio de libros e publicacións periódicas (27,5%).

Ademais, existe unha maior demanda de accións de concienciación e sensibilización para poñer en valor o galego nos segmentos constituídos polas entidades das artes gráficas (40%), o audiovisual (36,1%), os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (34,8%) e a edición de libros e publicacións periódicas (33,9%). O incremento do apoio institucional con máis subvencións e axudas económicas para o sector é formulado en maior medida polas entidades dedicadas á música (37%), á educación cultural (35,2%) e ao audiovisual (35,1%), así como polas administracións públicas (31,3%).

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo a actividade específica (resposta múltiple) (I)

	Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego
Artes gráficas e actividades relacionadas	49,1	41,8	40,0	16,4	36,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	52,7	27,5	24,2	22,0	28,6
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	48,3	44,9	33,9	23,7	25,4
Audiovisual e actividades relacionadas	49,5	44,3	36,1	35,1	21,6
Artes visuais	55,3	41,5	20,3	22,8	22,0
Música	41,3	48,9	22,8	37,0	20,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	61,9	42,9	19,0	28,6	21,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	53,8	34,1	34,8	28,8	18,2

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	47,3	48,4	28,6	24,2	31,9
Educación cultural	49,3	47,9	26,8	35,2	28,2
Actividades das administracións públicas	48,4	48,4	18,8	31,3	23,4
Total	51,6	42,2	27,1	27,0	24,3

Fonte: Elaboración propia

A mención do impulso á presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego destaca entre as administracións públicas (34,4%) e as entidades dedicadas á educación cultural (31%), mentres que a da implantación dun bono cultural que rebaixe o custo da cultura en galego sobresaen entre as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (40,7%).

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo a actividade específica (resposta múltiple) (II)

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG

	Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	Outras respostas	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	12,7	21,8	25,5	0,0	7,3
Comercio de libros e publicacións periódicas	20,9	18,7	40,7	8,8	1,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	26,3	21,2	14,4	8,5	2,5
Audiovisual e actividades relacionadas	19,6	13,4	7,2	3,1	2,1
Artes visuais	26,0	22,0	10,6	2,4	3,3
Música	22,8	22,8	20,7	4,3	2,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	25,0	21,4	4,8	6,0	1,2

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	28,8	20,5	14,4	3,0	1,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	30,8	27,5	13,2	3,3	1,1
Educación cultural	25,4	31,0	22,5	1,4	0,0
Actividades das administracións públicas	29,7	34,4	20,3	3,1	3,1
Total	24,2	21,8	15,8	3,8	2,4

Fonte: Elaboración propia

Se se cruzan os datos polo tamaño do cadro de persoal, a proposición máis formulada, independentemente do número de traballadores cos que contan ou se só teñen persoal voluntario, é a de fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola, que supera o 50% en todos os treitos menos nas entidades con entre tres e cinco traballadores/as (46,7%) e nas máis grandes en termos de volume de persoal (49%). Non se aprecian diferenzas porcentuais de mención moi destacadas entre as distintas medidas propostas, agás no caso da de implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego, que é mencionada en menor medida por parte das entidades con máis de dez traballadores/as (12,5%), o que supón máis de 10 puntos porcentuais de diferenza con respecto ás entidades que só contan con persoal voluntario (23,1%) ou ás que teñen entre seis e dez traballadores/as (23,5%).

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo o número total de traballadores (incluída a dirección) a finais de 2023

	Ningún, só voluntariado	1 ou 2	3-5	6-10	Máis de 10
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	54,0	54,5	46,7	55,9	49,0
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	36,5	39,8	39,5	46,6	49,0

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	19,0	25,8	26,0	22,8	34,4
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	26,6	26,6	26,6	28,6	26,0
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	37,3	24,8	23,4	22,0	25,3
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	25,2	26,6	22,7	19,2	24,3
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	18,3	22,1	20,6	20,6	23,5
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	23,1	15,8	13,7	23,5	12,5
Outras respostas	3,5	3,3	6,3	3,0	2,1
Ns/Nc	0,0	2,5	2,5	2,8	2,0

Fonte: Elaboración propia

A segmentación por tipo de entidade permite comprobar que o fomento do consumo de cultura en galego xa dende a escola e a infancia é proposto especialmente polos profesionais autónomos, co 65,2%, fronte a valores que non pasan do 53,1% nos demais segmentos. Nese mesmo cruzamento pode observarse que a petición de máis apoio das institucións mediante subvencións e axudas económicas para o sector é máis habitual entre as administracións públicas (30,8%) e as entidades sen ánimo de lucro (35%) que entre as empresas (26,4%) e os profesionais autónomos (19,8%). Por último, cómpre salientar que as administracións públicas son tamén as que en maior proporción suxiren impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego, co 31,3%, fronte a valores na orde do 19-20% dos tres restantes tipos de entidades.



Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo o tipo de entidade (resposta múltiple)

Tipo de entidade	Empresa	Profesional autónomo	Administración pública	Entidade sen ánimo de lucro
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	48,3	65,2	53,1	46,2
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	42,2	36,5	49,0	40,9
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	27,6	25,9	26,0	28,0
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	26,4	19,8	30,8	35,0
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	23,6	24,7	25,1	26,3
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	2,04	21,0	25,5	28,1
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	19,9	20,6	31,3	19,0
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	14,7	16,6	17,9	16,4
Outras respostas	4,4	2,8	2,2	4,2
Ns/Nc	3,3	1,6	1,1	1,1

Fonte: Elaboración propia

O cruzamento por volume de facturación pon de manifesto un maior desexo de accións de concienciación e sensibilización para poñer en valor o galego por parte das entidades que pertencen ao treito económico máis alto, é dicir, de medio millón de euros en diante (37,6%), en claro contraste con valores de entre o 23% e o 27,9% nos tres niveis económicos inferiores.

As entidades con maior volume de facturación tamén formulan a necesidade de incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais, recomendada por case a metade das entidades que entran nesta categoría (49,5%), fronte a valores que oscilan entre o 36,1% e o 45,5% dos restantes intervalos.

Por último, tamén cabe mencionar a solicitude de que as institucións aumenten as subvencións e axudas económicas para o sector entre as tres categorías con intervalos de ingresos máis baixos, con porcentaxes de mención que van dende o 29,8% daquelas entidades que facturan entre 150.000 € e 499.000 € ata o 27,2% daquelas empresas con menos ingresos (< 50.000 €). En contraste, as empresas que obtiveron maiores ingresos (500.000 € ou máis) son as que menos manifestan a necesidade de apoio económico por parte das institucións (18,3%), o que supón unha diferenza de case de 10 puntos porcentuais cos respecto ás outras categorías.

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo a facturación

Facturación	50.000 €			
	< 50.000 €	- 149.999 €	150.000 € - 499.999 €	500.000 € ou máis
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	53,4	53,8	43,8	55,1
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	40,1	45,5	36,1	49,5
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	25,5	23,0	27,9	37,6
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	27,2	29,1	29,8	18,3
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	25,2	20,9	26,3	26,2
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	27,0	24,9	19,7	22,6



Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	23,3	21,5	24,0	16,1
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	11,9	16,0	20,7	17,5
Outras respostas	4,2	3,5	5,6	0,9

Fonte: Elaboración propia

O cruzamento por tipo de hábitat reflicte que as entidades asentadas nunha contorna máis rural de menos de 10.000 habitantes propoñen sobre todo fomentar o hábito de consumo de cultura en galego dende a infancia e a escola (53,6%). Esta proposta é tamén a máis formulada por todos os segmentos de poboación, aínda que é no ámbito urbano (núcleos de poboación de 50.000 habitantes ou máis) onde a porcentaxe é máis baixa (50,9%).

Outro caso salientable é o de incrementar a presenza do galego nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais, xa que esta proposta é a que conta con maior apoio entre as entidades asentadas en vilas pequenas (de entre 10.001 e 19.999 habitantes), co 46,5% de respostas. En cambio, esta proposta é menos popular nos núcleos de poboación máis urbanos, aínda que superan o 40%. Porén, no ámbito máis rural a taxa de mención desta proposta afástase máis da media, xa que hai unha diferenza de case 8 puntos con respecto ás vilas pequenas.

Cómpre tamén mencionar a proposta de impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego, que é formulada en maior medida entre as entidades dun ámbito máis urbano, entre as que acada unha porcentaxe de mención do 23,8%, fronte ao 13,6% das entidades asentadas en vilas de entre 20.000 e 49.999 habitantes.

Por último, resulta interesante analizar os datos referentes á proposta de implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego, que acada cotas máis elevadas entre as entidades de contornas máis rurais, concretamente daquelas asentadas en vilas de entre 10.001 e 19.999 habitantes, co 20,4%, fronte ao 14% rexistrado nas cidades. Isto podería deberse a que nesas vilas pequenas o comercio de proximidade é o que máis se pode beneficiar desas axudas.

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, segundo o hábitat

	< 10.000 hab.	10.001 - 19.999 hab.	20.000 - 49.999 hab.	50.000 hab. ou máis
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	53,6	53,0	51,3	50,9
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	38,9	46,5	43,9	42,1
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	27,6	29,2	22,4	27,5
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	29,4	27,6	29,0	25,8
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	21,8	24,9	20,5	25,7
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	24,3	22,2	25,3	24,3
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	21,2	21,0	13,6	23,8
Implantar un bono cultural que reduza o custo do acceso á cultura en galego	18,7	20,4	16,6	14,0
Outras respostas	4,6	3,1	3,7	3,6
Ns/Nc	2,7	1,2	2,9	2,4

Fonte. Elaboración propia

Dende o punto de vista xeográfico, a análise por provincias resulta interesante, xa que permite observar algunhas diferenzas entre as provincias de interior (Lugo e Ourense), con núcleos de poboación máis espallados e, xa que logo, cun hábitat máis rural, e as máis poboadas (A Coruña e Pontevedra), que teñen máis núcleos urbanos. Así, por exemplo, conséntase que a medida de fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola acada a porcentaxe máis elevada na provincia de Ourense (61,7), seguida de Lugo (57,8%) e da Coruña (53,3)%. Fronte a estas ci-

fras atópase o 43,9% que se rexistra na provincia de Pontevedra, o cal implica unha diferenza de 17,8 puntos porcentuais menos con respecto a Ourense.

Outro caso similar é o da demanda de apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector, que nas provincias de Lugo e Ourense acada cotas superiores ao 30%, mentres que nas provincias da Coruña e de Pontevedra as porcentaxes están entre o 24% e o 28%.

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais para incrementar a demanda de bens e servizos culturais en galego, por provincias (resposta múltiple)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	53,3	57,8	61,7	43,9
Incrementar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	42,7	29,8	41,8	45,3
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	30,7	29,0	19,5	22,3
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	24,2	32,7	31,7	28,8
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	25,1	25,1	17,0	24,8
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	26,8	18,3	24,0	21,5
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	21,7	18,3	23,5	22,7
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	13,1	15,7	13,5	21,2
Outras respostas	3,8	3,7	2,6	4,1
Ns/Nc	2,2	1,0	2,5	3,1

Fonte: Elaboración propia

Tamén se cruzaron as medidas propostas coa porcentaxe media de produción en lingua galega das entidades, para observar se había diferenzas. Resulta interesante que a categoría que engloba «outras respostas» é a que

recolle o maior número de suxestións de entidades cunha produción media en galego máis elevada (61,8%), ao tempo que a categoría «Ns/Nc» é a preferida polas que teñen un menor uso do galego na súa actividades. Isto pode implicar certa capacidade creativa na recomendación de medidas e un maior coñecemento da situación por parte das entidades que xa producen en lingua galega. Entre as propostas en que máis coinciden as entidades con maior produción en galego, destacan as de impulsar o uso do galego en todos os eidos (57,8%), incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector (56,5%) e impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego (55,7%). Entre as que teñen unha menor produción en galego, sobresaen as propostas de ampliar e mellorar a oferta cultural en galego (49,4%) e de implantar un bono cultural (44,2%).

Medidas suxeridas polos responsables das entidades culturais, segundo a porcentaxe media de produción en galego

Medidas	% media de produción en galego
Outras respostas	61,8
Impulsar o uso do galego en todos os eidos (empresas, ciencia...)	57,8
Incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas económicas para o sector	56,5
Impulsar a presenza de figuras de referencia que prestixien o uso do galego	55,7
Fomentar o hábito de consumo de cultura en galego xa dende a infancia e a escola	54,8
Incrementar a presenza do galego e da nosa cultura nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais	54,5
Realizar máis ou mellores accións de concienciación e sensibilización para a posta en valor do galego	52,1
Ampliar e mellorar a oferta cultural en galego	49,4
Implantar un bono cultural que rebaixe o custo do acceso á cultura en galego	44,2
Ns/Nc	37,2

Fonte: Elaboración propia

Conclusiones

O 17,8% das entidades culturais galegas produce exclusivamente en lingua galega e algo máis do 19% emprega o galego en máis de tres cuartas partes

.....

dos seus produtos ou servizos. En contraste, o 7% das entidades non utiliza nunca este idioma nas súas actividades. De media, as diversas entidades que forman parte da cultura galega realizan en galego o 52,7% da súa produción, o cal se mediu nos últimos tres anos. Pese a que se detecta unha mínima tendencia á baixa (un escaso punto porcentual de diferenza entre 2021 e 2023), o período non resulta suficiente para constatar unha evolución.

Dentro do sector da cultura hai ámbitos máis galeguizados que outros. O galego emprégase amplamente nos departamentos de cultura das administracións públicas, cun uso do 87,5%. Nos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural alcanza o 77,2%, porcentaxe similar á do sector da música (71%). Na educación cultural (academias e escolas de música, artes visuais, baile, teatro etc.) o uso é do 66,4%; as bibliotecas e arquivos rexistran un uso do 65% e proporcionan acceso a materiais e actividades de lectura en galego; o teatro e as artes escénicas inclúen o galego no 64,3% das súas producións, e o sector audiovisual presenta o 59,5% da produción en lingua galega. Na edición de libros e publicacións periódicas o galego ten un 54,4% de uso, o cal reflicte unha integración moderada desta lingua na publicación de materiais escritos. Nas artes visuais, que inclúen deseño, fotografía, arquitectura e publicidade, rexístrase un uso do 43,1% e, por último, nas artes gráficas e nas actividades de comercio de libros e publicacións periódicas a utilización é menor, do 27,5% e do 25,2% respectivamente, o cal indica que é unha área de oportunidade para aumentar a presenza da lingua.

Nas entidades sen ánimo de lucro (asociacións e fundacións), o uso do galego alcanza o 87,4% e destaca o feito de que o 47,3% deste tipo de entidades emprega exclusivamente esta lingua nas súas actividades. No sector público tomado en conxunto, a utilización desta lingua tamén é elevada, co 73,6% de uso e o 23,5% de entes monolingües en galego. En contraste, entre as empresas e os profesionais autónomos, as cifras son máis baixas, co 43% e o 46,8% de produción nesta lingua, respectivamente.

O tamaño das entidades tamén desempeña un papel importante, pero dunha maneira non lineal. Deste modo, os ingresos da entidade tenden a incidir negativamente; é dicir, producen algo máis en galego as entidades con cifras máis modestas. Dito isto, as diferenzas non son grandes e van dende case o 60% de uso das entidades con ingresos de menos de

50.000 € ao 46,9% das que facturan 500.000 € ou máis. En contraste, o número de persoas asalariadas opera ao revés: a produción en lingua galega tende a incrementarse lixeiramente canto máis persoal empregado hai. Esta aparente contradición prodúcese porque hai entidades intensivas en emprego con orzamentos relativamente baixos (as entidades sen ánimo de lucro e a Administración, principalmente) que teñen unha produción en galego elevada. Tamén resulta indicativo que as entidades que contan só con voluntariado (normalmente asociacións culturais) fan un grande uso da lingua galega.

O lugar onde se sitúa a entidade tamén incide, nesta ocasión de maneira similar a outros indicadores de tipo sociolingüístico. Obsérvase maior presenza de galego nos núcleos máis pequenos e menor nas cidades. Nos concellos de menos de 10.000 habitantes a produción en lingua galega sitúase no 63%, mentres que nas poboacións de 50.000 habitantes ou máis a porcentaxe, malia que é considerable, é sensiblemente inferior (49,1%). Así mesmo, o uso do galego é maior nas provincias de Lugo e Ourense que na Coruña e, especialmente, que en Pontevedra.

Cando se lles pregunta aos responsables das entidades que se debería facer para incrementar a produción en lingua galega no ámbito cultural, a estratexia máis apoiada é a promoción do consumo de cultura en galego dende a infancia e a escola, suxerida por máis da metade das persoas participantes na enquisa (51,6%). A segunda estratexia recomendada consiste en aumentar a presenza da lingua e a cultura galegas nos medios de comunicación, redes sociais e plataformas dixitais, que recibe o aval do 42,2% das persoas entrevistadas. En terceira posición, cun nivel de alusión notablemente inferior, atópanse as accións para fomentar unha maior conciencia e valorización do galego e o incremento do apoio institucional mediante subvencións e axudas económicas, ambas as medidas propostas polo 27,1% das persoas enquisadas. A opción menos mencionada é a de implementar un bono cultural para reducir o custo do acceso á cultura en galego, con só o 15,8%.

Ao contrastar as propostas en función de distintos parámetros, danse variacións resaltables. Así, entre as entidades das artes escénicas e os traballadores autónomos, destaca a aposta polo fomento do hábito de consumo entre os nenos e nenas, mentres que as librarías apostan polo



uso de bonos culturais. As entidades con máis ingresos tenden a pedir en maior medida máis e mellores accións de concienciación e sensibilización.

Por último, observouse unha maior creatividade e un coñecemento máis profundo da situación por parte das entidades que xa producen en lingua galega, porque propoñen máis medidas que as que usan menos o galego. Entre as medidas que xeran máis consenso entre as entidades que xa contan con maior presenza de galego, destacan as de impulsar o uso desta lingua en todos os ámbitos, incrementar o apoio das institucións con máis subvencións e axudas e fomentar a presenza de figuras de referencia que prestixien a lingua.